

ANDAINA DO TERROR

Sábado 22 de Novembro de 2025 a partir das 19:00h. · Capela de Santa Minia (Brión)

O Concello de Brión e a Asociación O Esquí No Piñeiro, coa colaboración do Diputación da Coruña, organizan esta andaina o vindeiro **sábado 22 de Novembro de 2025 a partir das 19:00h. nos arredores da Capela de Santa Minia (Brión)**. Esta andaina é unha proba de carácter lúdico recreativo que ten como principal finalidade fomentar a actividade física e o deporte non profesional entre a poboación. O principal obxectivo da mesma é pasalo ben, **NON É COMPETITIVA** e haberá que respectar o ritmo imposto polo persoal da organización, que será axeitado a tódolos niveis e idades.

NORMATIVA XERAL

A ANDAINA DO TERROR – CONCELLO DE BRIÓN rexerase polas actuais regulamentacións de Seguridade Viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE no 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).

A proba estará subscrita ao **seguro de responsabilidade civil do Concello de Brión**. Tamén contará con un **seguro de accidentes que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/199** e que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da mesma. Quedarán excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da andaina, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar de celebración ou dende o mesmo.

As persoas menores de 18 anos deberán vir acompañadas dunha maior de idade e, no caso de que esta non sexa o pai, nai ou titor/a legal traer unha autorización asinada por algún deles.

A organización non se fará responsable dos accidentes ou danos que poidan ocorrerlles aos participantes, pero comprométese a poñer tódolos medios necesarios para evitados.

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización. Non está permitido o acompañamento de ningún vehículo alieo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na mesma que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos as participantes.

Non haberá servizos de vestiarios, duchas nin gardarroupa.

PARTICIPANTES

A **participación estará limitada a 1000 persoas** de calquera idade, sempre e cando sexan conscientes das dificultades propias de camiñar de noite por sendeiros non sempre chans e sexan capaces de completar sen problemas unha distancia andando de 5km.

Tódalas persoas participantes deben recoñecer estar en perfecto estado físico e de saúde ó realizar a inscrición e no momento da proba e deberán poñer en coñecemento da organización calquera incidencia médica que padezan (alerxias, atencións especiais...).

As persoas participantes deberán camiñar sempre respectando os camiños indicados pola organización, aqueles/as que circulen fora destes espazos consideraranse a tódolos efectos usuarios/as normais da vía.

A persoas que participen na ANDAINA DO TERROR - CONCELLO DE BIRÓN rexeranse por unha conducta "fair play" e comprométese a levar durante a realización da mesma un comportamento leal e sincero ademais de correcto no deporte, en especial fraterno cara os/as demais participantes, respectuoso coa organización e correcto co resto de asistentes.

Os/as participantes poderán ser expulsados/as da proba por calquera dos seguintes motivos:

- Non atender as indicacións dos membros da organización
- Pretender participar na andaina sen terse inscrito previamente
- Cometer condutas que a xuízo da organización poidan ser consideradas como antideportivas
- Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa
- Manter unha actitude groseira, violenta, ou que en xeral atente contra o espírito deportivo

PULSEIRA IDENTIFICATIVA

A cada persoa participante seralle entregada unha **pulseira identificativa que deberán levar colocada en todo momento** mentres estean realizando a proba. Esta pulseira, ademais de servir como identificación, tamén dará dereito para acceder a chocolatada final e aos agasallos conmemorativos da proba. As pulseiras **poderán recollerse o venres 21 de Novembro en horario de 16 a 19h. na Casa da Cultura de Brión ou ben o sábado 22 ata un cuarto de hora antes da saída escollida da andaina.**

CIRCUITO, DISTANCIA E HORARIOS

A andaina realizarase sobre un **circuíto de 5.000m. aprox.** por camiños de monte con algún enlace por estradas asfaltadas e, aínda que presenta algúns desniveis, é apto para todas as persoas e idades.

O circuíto non estará sinalizado. Cada grupo levará unha persoa que fará de guía e que marcará o ritmo da marcha (sempre asumible por todas as persoas), así mesmo propondrá as paradas que crea oportunas para reagrupar e evitar que algunha persoa poida despistarse.

A saída da proba estará situada na praza das polbeiras ao carón da Capela de Santa Minia e realizarase de maneira gradual en **grupos de 200 persoas cada 30 min. dende as 19:00h.** No

momento de realizar a inscrición poderase escoller o grupo no que se desexe saír ata que se completen as 200 prazas de cada un deles.

1º Grupo: 19:00h. · 200 prazas

2º Grupo: 19:35h. · 200 prazas

3º Grupo: 20:00h. · 200 prazas

4º Grupo: 20:30h. · 200 prazas

5º Grupo: 21:00h. · 200 prazas

Recordamos que estes horarios son estimados e orientativos, os membros da organización, por motivos de seguridade, climatoloxía ou da propia organización da proba, poden realizar as variacións que estimen oportunas incluso o propio día da andaina (intentaremos que sexan os menos posibles).

INSCRICIÓN E PREZOS

As inscricións realizaranse a través da páxina **web www.galitiming.com, ata o 15 de novembro ás 23:59h.** NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO NIN POR OUTROS MEDIOS.

Establécense **dous prazos** para o pagamento e inscrición:

- **Dende o 20 ao 31 de outubro: Xeral 15€ · Menores de 14 anos 10€**
- **Dende o 1 ao 15 de novembro: Xeral 18€ · Menores de 14 anos 12€**

No prezo vai incluído:

- **ANDAINA TEATRALIZADA:** En distintos puntos ao longo do percorrido haberá decoración e personaxes terroríficas que interactuarán coas persoas participantes sen chegar a tocarlles en ningún momento. **As persoas participantes teñen totalmente prohibido tocar as figurantes e a decoración exposta.**
- **AGASALLOS** conmemorativos da proba para todas as persoas inscritas na andaina (serán desvelados coa suficiente antelación)
- **APARCAMENTO:** Haberá unha ampla zona de aparcamento sinalizada moi preto da Carballeira de Santa Minia, xusto detrás da Capela de Santa Minia. A localización pode verse na seguinte ligazón: <https://onx.la/9cfb0>
- **CHOCOLATADA:** A medida que os grupos vaian rematando a andaina serviráselles chocolate e bica na praza das polbeiras. A chocolate será SEN GLUTE co cal será apto para as celíacas.

CANCELACIÓNS E MODIFICACIÓNS

A organización da proba reservase o dereito a modificar o presente regulamento, os horarios e percorridos, se así o estima oportuno, por razóns climatolóxicas, de seguridade ou sanitarias.

Nos casos de forza maior, alerta meteorolóxica laranxa ou cando non sexa posible a realización da mesma por calquera motivo xustificado, **a proba será aprazada** para outra data próxima procedendo a avisar os/as participantes coa máxima antelación e dilixencia posible **e non se devolverá a cota de inscrición.**

So no caso de suspensión definitiva da proba se procederá á devolución do 80% da cota de inscrición.

OBSERVACIÓNS FINAIS

Debido a época do ano, recomendase traer calzado axeitado e resistente á auga e a humidade.

Non están permitidos os animais de compañía.

As persoas participantes terán permitido o uso de lanternas ou dispositivos similares, nunca o uso de fachos ou calquera outro dispositivo que precise de ascuas ou lume.

Todos os participantes na proba, polo mero feito de realizar a inscrición na mesma, aceptan todas e cada unha das regras do presente regulamento e no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización.

As persoas participantes autorizan e aceptan a publicación do seu nome e apelidos, así como as súas posibles imaxes, nos documentos xerados para a xestión da actividade, listaxes de participantes, medios de comunicación e redes sociais coa única finalidade de promocionar esta actividade.

Dado o espírito deportivo e popular desta andaina non se admitirán reclamacións.

A Asociación Cultural, Deportiva e Medioambiental O Esquíno no Piñeiro CON CIF G70230503 é unha asociación sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia e no rexistro de Asociacións do Concello de Brión.